

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	03 de xuño de 2021
Duración	Dende as 13:10 ata as 14:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ
NON ASISTE (Sin excusa)		
35251841V	Jesus Taboada Lazara	NO

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 20.05.2021****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 20 de maio de 2021.

Expediente 968/2021. Subvencións Directas ou Nominativas: SUBVENCIÓN NOMINATIVA FUNDACIÓN MARIA SEOANE COLMEIRO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Concello de Silleda forma parte do padroado da Fundación María Seoane Colmeiro, que rexe o Colexio Plurilingüe María Inmaculada de Silleda, con máis de 50 anos de historia.

O Excmo Pleno do Concello de Silleda acordou, ao amparo do artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a concesión dunha subvención nominativa ao CPR María Inmaculada.

O fomento da educación e dos seus valores é unha preocupación que comparten ambas institucións.

Este fomento constitúe un interese específico do Concello de Silleda, polos seus efectos na sociedade.

Os efectos da pandemia e por ende o necesario aumento de recursos económicos para cumprir cos requisitos e medidas de prevención, limpeza e desinfección supuxeron un considerable aumento no gasto da Fundación María Seoane Colmeiro.

En vista do anterior e dos informes que constan no expediente, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro. Aprobar o convenio coa Fundación María Seoane Colmeiro segundo consta no expediente.

Segundo. Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Expediente 946/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais: AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada a 18 de maio de 2021, por Dona M.C. N.V. de concesión de unha axuda de emerxencia social polo importe de 663,55€, para o pago de tres mensualidades de aluguer pertencentes ós meses de febreiro, marzo e abril do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte aos gastos derivados de vivenda.

Visto que segundo informa a Traballadora Social Uxía Fernández Batán, en data 18 de maio

de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder a M.C.N.V. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes derivados do xusto de vivenda co fin de evitar o desafiuzamento e asegurar por tanto a cobertura das necesidades básicas da persoa.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1762/2020. Licenzas Urbanísticas: Manuel González Iglesias

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por Manuel González Iglesias, con DNI XXXXX presentouse escrito o día 24/11/2020 (RE 1158/2020), polo que se solicita licenza urbanística CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR sita na rúa Progreso número 57, Silleda, (ref. cat. 1881013NH6218S0001EG).

Aporta proxecto básico denominado Proxecto para cambio de cuberta en edificación existente, elaborado polo arquitecta Edilena De Oliveira Amorin visado con número 2005724,2 de data 24/11/2020.

Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente E20-750, de data 01/12/2020, para a execución das obras de cambio de tellado obxecto da presente solicitude de licenza.

Consta autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Servizo Provincial da AXI en Pontevedra. Expte.: IF204A/PO/2020/2071 de data 18/03/2021.

En data 10/05/2021 pola técnica municipal María José García Fidalgo emítense informe no que se fai constar a necesidade de que polo interesado se presente a seguinte documentación:

Oficio de dirección das obras visado.

En contestación ao requirimento preséntase a documentación requirida en data 21/05/2021.

Consta no expediente informe da arquitecta María Jose García Fidalgo, de data 21/05/2021 no que se informa favorablemente a presente licenza.

Consta informe de Secretaría número 48/2021 de data 01 de xuño de 2021.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da

Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ADOPTOU OS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a Manuel González Iglesias, con DNI XXXXXXX para a execución dun cambio de cuberta en edificación existente rúa Progreso número 57, Silleda, (ref. cat. 1881013NH6218S0001EG).

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado pola técnica Edilena De Oliveira Amorin visado con número 2005724,2 de data 24/11/2020, cuxo presuposto de execución material ascende a 28.126,30 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra a Edilena De Oliveira Amorim.

A proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo urbano consolidado, Ordenanza de aplicación número 1 de edificación cerrada.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto. - As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto. - Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. - Aprobar a seguinte liquidación en concepto de ICIO por importe de 632,84 e por importe de 60,00 euros en concepto de taxa por emisión de informe urbanístico.

Expediente 486/2020. Licenzas Urbanísticas: FERNANDO ANTONIO COSTOYA MOURE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por Fernando Antonio Costoya Moure, con DNXXXXXXXX, presentouse escrito o día 06/03/2020 (RE 66/2020), polo que se solicita licenza urbanística para SUSTITUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXO sita na rúa Forcarei número 10, Silleda, (ref. cat. 36052A048060110000KZ) consta nota simple do Rexistro da Propiedade de Lalín dunha parcela con RC 36052A048005220000KF, indicando que a súa superficie é de 2.198,22. Finca número 39.018

Aporta proxecto básico denominado PROYECTO BÁSICO DE SUSTITUCIÓN DE VIVIENDA

UNIFAMILIAR Y ANEXO elaborado polo arquitecto JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO, colexiado número 2564, sen constar o visado colexial obrigatorio.

Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente E20-1089, de data 30/03/2020, para construción de vivenda unifamiliar.

En data 17/06/2020 o arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, emite informe de requirimento, solicitando documentación gráfica e escrita que defina o peche que se propón e a autorización da Consellería de Cultura por estar as obras no entorno de protección da Mámoa de Silleda, elemento catalogado por patrimonio cultural.

En data 02/07/2020 o interesado presenta documentación técnica en relación ao peche, e o xustificante da solicitude de autorización a Dirección Xeral de Patrimonio.

En data 18/12/2020 a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emite informe no que se indica que non é precisa a súa autorización para esta actuación, dado que no solo urbano se aplican os contornos xenéricos establecidos no artigo 38.3 da LPCG non estando polo tanto afectada pola mámoa.

En data 22/02/2021 polo técnico municipal César Pereiras Cambón emítense informe no que se fai constar a necesidade de que polo interesado se presente a seguinte documentación:

Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

Oficio de dirección das obras.

Acreditación/xustificación da delimitación e superficie da parcela recollida no proxecto posto que non coincide coa parcela de referencia catastral 36052A048060110000KZ.

En contestación ao requirimento preséntase o xustificante do pago do ICIO e da taxa municipal, e oficio sen visar de dirección de obras así mesmo se aporta nota simple do Rexistro da Propiedade e proxecto básico refundido.

Consta no expediente informe da arquitecta María Jose García Fidalgo, de data 19/04/2021 no que se lle require a presentación da seguinte documentación:

- Proxecto técnico completo e de execución visado polo correspondente colexio e asinado por técnico competente segundo se determina no Código Técnico da Edificación así como no artigo 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia no que se esixe para a solicitude de licenza a entrega do mesmo.

- Non se xustifica o preceptuado no artigo 216 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

- Non se xustifica o cumprimento de habitabilidade de forma axeitada. Entregaranse as correspondentes fichas do cumprimento do DECRETO 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo

que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

En data 22/04/2021 preséntase documentación en cumprimento do requirimento.

Consta no expediente informe da arquitecta María Jose García Fidalgo, de data 26/04/2021 no que se lle require a presentación da seguinte documentación:

Proxecto técnico completo e de execución visado polo correspondente colexio e asinado por técnico competente segundo se determina no Código Técnico da Edificación así como no artigo 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia no que se esixe para a solicitude de licenza a entrega do mesmo.

O interesado presenta en data 26/04/2021 unha memoria para xustificar que non é precisa a presentación do proxecto de execución.

En data 10/05/2021 emítese informe definitivo e favorable pola arquitecta María José García Fidalgo, eximindo da obriga da presentación do proxecto de execución.

Visto o informe de Secretaria número 046/2021, de 31 de maio de 2021,

Propoño á Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a Fernando Antonio Costoya Moure, con DNXXXXXXXXXX, para SUSTITUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXO sita na rúa Forcarei número 10, Silleda, (ref. cat. 36052A048060110000KZ).

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo arquitecto JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO, colexiado número 2564, cuxo presuposto de execución material ascende a 190.500,00 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra a José Luis Sanmiguel Guerreiro colexiado 2.564.

A proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo urbano consolidado, Ordenanza de aplicación número 3 de parque urbanizado.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto. - As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto. - Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. - Aprobar a seguinte liquidación en concepto de ICIO por importe de 4.286,25 euros e por importe de 60,00 euros en concepto de taxa por emisión de informe urbanístico.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE